



www.oqueleo.com

© 2019, Paula Carballeira

© 2019, Ana Seixas

© Desta edición:

2020, Santillana Infantil y Juvenil, S. L.

e Edicións Obradoiro, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-14-3

Depósito legal: M-7338-2019

Printed in Spain - Impreso en España

Segunda edición: febreiro de 2020

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Ester Marín, Julia Ortega
e Álvaro Recuenco

Calquera forma de reprodución, distribución,
comunicación pública ou transformación desta obra
só pode ser feita coa autorización dos seus titulares,
agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org)
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

A tartaruga Amodouou

Paula Carballeira


Ilustracións de Ana Seixas

oqueleg

Amodovou comeza a camiñar

A tartaruga Amodovou levaba toda a vida camiñando.

5





Quería percorrer o mundo enteiro para gardar na memoria o recendo dos campos, das montañas, dos ventos, dos desertos e ata das palabras. Amodovou era unha tartaruga de terra, máis ben pequena, que nunca aprendera a falar, pero si a escoitar e, sobre todo, a cheirar. Como as tartarugas non teñen orellas, pensamos que están xordas, cando non



é así. Ás tartarugas encántalles escoitar,
porque senten os sons que
lles chegan polo aire e pola terra.
Iso si, teñen que estar moi atentas.
Por iso as tartarugas levan sempre
na cara un sorriso; os seus ollos
soñadores imaxinan as melodías.
Daquela, comezan a abanearse cara
aos lados e, ao moverse, é coma
se bailasen paseniño.





Amodovou nacera dun ovo solitario.
Ao abrir as pálpebras, atopouse cunha
chea de paxaros, pero con ningunha
tartaruga.



Había un pardal mirando para ela,
e unhas pegas na póla dunha maceira,
e un merlo dando chimpos,
e unha bubela porque era primavera.

—Benvida! —berrou o pardal—.

10 Agora corre!

—Como vai correr se é unha
tartaruga? —riron as pegas.

—Correrá devagar, pero correrá.

—Nunca tal se viu, correr devagar
—volveron rir as pegas.



—Se non corres, virá a serpe
—berrou tamén o merlo—. Es tan
pequena que te comerá. E, se non é a
serpe, será o moucho ou será o raposo.

—Non a asustedes, miña pobre,
acaba de nacer! —interveu a bubela.

11



A tartaruga Amodovou vía os peteiros
de todos aqueles paxaros abrirse con
alarma.